

Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ESTRADA, A

Persoal, oposicións

*BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL
MEDIANTE UN CONTRATO DE RELEVO, A TEMPO PARCIAL DUN/HA LIMPADOR/A
(PERSOAL LABORAL TEMPORAL)*

*ANUNCIO BOPPO**Expediente núm.: 6273/2023**Departamento: Persoal*

Por resolución de Alcaldía n.º 2023-1651 de 21 de novembro de 2023, aprobáronse as Bases xerais da convocatoria para a contratación con carácter temporal e a tempo parcial dun posto de Limpador/a mediante contrato de relevo:

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL, CONTRATO DE RELEVO, A TEMPO PARCIAL DUN/HA LIMPADOR/A. (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)*PRIMEIRA. NORMAS XERAIS*

O obxecto das presentes bases é a provisión, con carácter temporal e a tempo parcial (50% da xornada de traballo), mediante o sistema de oposición libre dun posto de limpador/a, adcrita ao Departamento de Urbanismo e Obras, Sección de Mantemento de Instalación Municipais (código na RPT 05.03.03.04), ao amparo do disposto na Lei 40/2007, no artigo 12.6 e 7 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e nos artigos 7 e 8 do Real Decreto Lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo e o Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

SEGUNDA. CONDICIÓNS CONTRATO

O contrato formalizarase baixo a modalidade de contrato de relevo vinculado a xubilación parcial.

Será un contrato a xornada parcial e a súa duración estenderase desde a firma do contrato ata a data na que o traballador substituído alcance a idade de xubilación común que corresponda conforme ao establecido no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (Data aproximada



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

fin contrato 9/06/2026). A contratación do relevista queda condicionada á oportuna concesión da xubilación parcial ao titular da praza.

As retribucións a percibir serán as que figuran na RPT en vigor para o posto obxecto da convocatoria reducidas ao 50%.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DE ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder participar nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público:

Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

1. As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
2. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
4. Non estar separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.

5. Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.
6. Ter a condición de persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estas condicións cumpriranse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación da solicitude e conservalos, alomenos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.— As persoas demandantes de emprego que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterà, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base terceira da convocatoria, para o que cumprirá achegar a seguinte documentación :

- a) Documento Nacional de Identidade
- b) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2 ou equivalente).
- c) Demanda de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

No Rexistro Xeral do Concello da Estrada así como na páxina web www.aestrada.gal facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

2.— O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello da Estrada <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de DEZ (10) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo persoal@astrada.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

3.— A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello da Estrada cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polas persoas interesadas, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4.— As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1.— Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución relativa á aprobación da lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede electrónica e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.

2.— No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de tres días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

SÉTIMA. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

FASE DE OPOSICIÓN:

A oposición constará de dous exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios practícaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa específico



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 60 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta proba será de 10 puntos. O aspirante que non acadase 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá nunha proba práctica, que se realizará nun tempo máximo de 30 minutos, na que se demostrará o coñecemento e habilidade para desempeñar as tarefas propias da praza a ocupar.

O exercicio será cualificado de cero (0) a dez (10) puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de cinco (5) puntos para superalo. Serán eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan.

Proba de galego

A proba consistirá na realización dunha proba escrita, sen dicionario, consistente nunha tradución do castelán ao galego dun documento relacionado co temario da convocatoria. O tempo máximo para a realización deste exercicio serán de 30 minutos e a súa valoración será de apto ou non apto. Estarán exentos de realizar esta proba os aspirantes que acrediten o coñecemento do idioma galego de acordo co previsto nas presentes bases.

OITAVA. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal, a relación definitiva dos aspirantes aprobados pola orde da puntuación obtida.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio obrigatorio e si isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercizos ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

NOVENA. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS OPOSITORAS APROBADAS

A persoa aspirante proposta deberá achegar, dentro do prazo máximo de 3 días naturais contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado/Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Declaración xurada sobre o cumprimento dos requisitos para ser contratado.
- Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

- Copia da tarxeta da afiliación á seguridade social .
- Certificado de número de conta bancaria.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante aprobada será contratada unha vez que xustifique documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

DÉCIMO PRIMEIRA. LISTA RESERVA

As persoas aspirantes que habendo superado o proceso selectivo non obtivesen a praza pasarán a conformar unha Lista Reserva para a cobertura temporal de prazas por persoal laboral nas circunstancias reguladas no artigo 15 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, é dicir por circunstancias da produción ou por substitución e terá unha vixencia de 3 anos ou ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presenten a súa renuncia, ou esgotamento da mesma. Para elo, de acordo coa proposta do Tribunal, farase pública no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na web municipal a resolución aprobando, a Lista Reserva coa relación do resto de opositores que superaran o proceso selectivo, en orde descendente con respecto a las calificacións obtidas en toda as probas.

DÉCIMO SEGUNDA. FUNCIONAMENTO LISTA RESERVA

Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir postos de traballo de Limpador/a , nos casos sinalados no artigo 15 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Cando sexa necesario proceder ao chamamento para a cobertura dunha praza, trala tramitación do seguinte procedemento, ofertarase á primeira persoa da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

O departamento de persoal porase en contacto telefónico coa persoa aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

No caso de que non se poida localizar a un aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun correo electrónico (de existir enderezo), debendo o aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista reserva.

Se o aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

O aspirante que integrado na lista, sexa chamado para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de espera na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na lista e chamado para unha nova oferta ata que o propio aspirantes comunique ao departamento de persoal que está dispoñible por haberse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase constancia no expediente administrativo.

Se existise no momento do chamamento máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, éstas deberanse ofertar aos aspirantes en función da orde de prelación que ostenten.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación esixida na cláusula novena destas Bases.

O aspirante que sexa obxecto da contratación, unha vez finalizada a súa prestación será colocado de novo na lista de reserva na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente, de xeito que poderá ser chamado novamente para outra contratación.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao Alcalde - Presidente da Corporación.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa presente Lista a orde de provisión realizarase pola orde que teñan na lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na lista ata cubrir a totalidade de vacantes

DÉCIMO TECEIRA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participan no proceso selectivo convocado.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse íntegramente no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, na páxina web do concello <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, así coma no Portal de Transparencia <https://aestrada.sedelectronica.gal/transparency>.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios do concello e na web municipal, <http://www.aestrada.gal/index.php/gl/tramites/contratacion-de-persoal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no argo 45.1. b) da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario; non obstante o concello se o estima oportuno poderá ulizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

DÉCIMO QUINTA. INCIDENCIAS E RECURSOS

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo (artigos 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desesado conforme ao previsto no argo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

DÉCIMA SEXTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello da Estrada, con sede en Praza da Constitución nº1, 36680 A Estrada (Pontevedra), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e no seu caso o de oposición.

A Estrada, á data da sinatura dixital.

O alcalde, José C. López Campos.

ANEXO I. TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido.
2. O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.
3. Conceptos xerais de limpeza e fichas técnicas de chans.
4. Limpeza de Edificios Administrativos. A limpeza de áreas administrativas.
5. Limpeza do cuarto de baño. Limpeza de aseos públicos.
6. Ferramentas e útiles básicos de limpeza.
7. Produtos químicos na limpeza.
8. Maquinaria de limpeza.
9. Aspectos ecolóxicos na limpeza. Eliminación de residuos.
10. Prevención de riscos laborais nos traballos de limpeza.

A Estrada, á data da sinatura dixital.

O ALCALDE.

ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.



Xoves, 7 de decembro de 2023

Núm. 235

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A
CONTRATACIÓN DUN/HA LIMPADOR/A DO CONCELLO DA ESTRADA
(PERSONAL LABORAL TEMPORAL)**

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
---------------------	--	----------	--

E, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
---------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria para a contratación dun/ha Limpador/a segundo bases publicadas no Bop n.º _____.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto,

SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- DNI
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuído (Celga 2 ou equivalente).
- Demanda de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A Estrada, de de 2023

(sinatura da persoa solicitante)

